Descrición xeral	a materia ofrece unha visión das principais características dos modelos de benestar do mundo occidental ofrecidas con perspectiva comparada e usando diferentes metodoloxías			

Competencias	
Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Capacidade para traballar e valorar de xeito conxunto con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades as súas necesidades, limitacións, dificultades, malestares e circunstancias
B2	Analizar situacións sociais obxecto de intervención, planificar, desenvolver, executar, revisar e avaliar a práctica do traballo social con persoas, familias, grupos, organizacións, e comunidades e con outros profesionais
B3	Traballar coas persoas para que sexan autosuficientes e con capacidade para manifestar as súas necesidades, desexos, puntos de vista e circunstancias
B4	Actuar preventivamente e na resolución das situacións de risco para a cidadanía, para si mesmo/a e para os colegas de profesión
B5	Administrar e ser responsable, con supervisión e apoio, da propia práctica dentro da organización
B6	Demostrar competencia profesional no exercicio do traballo social
C2	Interactuar con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades para axudarlles a tomar decisións ben fundamentadas achega das súas necesidades, circunstancias, riscos, opcións preferentes e recursos, considerando a diversidade cultural -e polo tanto a especificidade das minorías étnicas, culturais, lingüísticas...-, a esixencia de promover a igualdade entre homes e mulleres, a necesidade de tender cara a unha sociedade ambientalmente sustentable e de defender os valores da paz
C14	Preparar e participar nas reunións de toma de decisións co fin de defender mellor os intereses das persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades
C21	Participar na administración e dirección de entidades de benestar social
C25	Contribuír á promoción das mellores prácticas do Traballo Social participando no desenvolvemento e análise das políticas que se implementan
D1	Capacidade de análise e síntese
D2	Capacidade de organización e planificación
D3	Capacidade reflexiva
D4	Comunicación oral e escrita nas linguas nativas
D8	Capacidade de xestión da información
D9	Resolución de problemas
D10	Toma de decisións
D13	Traballo nun contexto internacional
D16	Razoamento crítico
D18	Aprendizaxe autónoma
D24	Sensibilidade cara a temas medio ambientais, igualdade entre home e mulleres, cultura da paz, etc.

Resultados de aprendizaxe	
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe

Comprensión do contexto político, económico e social das reformas sociais e da política social no ámbito local, autonómico, estatal, europeo e mundial.				D1 D2
Habilidade para analizar e sistematizar diversas aproximaciones ao desenvolvemento dos distintos modelos de benestar.				D8 D9
Familiarizarse coas análises comparativas sobre as políticas sociais nos estudos sobre os Estados do Benestar.				D13
Valoración do impacto das políticas sociais sobre a desigualdade social	A3	B4	C2 C21	D10
Habilidade para manexar teorías, métodos e técnicas empregadas no estudo da política social e a cooperación internacional.				D13
Capacidade para analizar e valorar a influencia social e o pensamento social e os seus implicacions no Traballo Social.		B6		D24
Ser capaz de comprender e valorar distintos discursos.		B1	C14	
Capacidade para a procura do coñecemento a través de diferentes vías.				D1 D2 D3 D8 D16 D18
Capacidade para perceber e interpretar acontecimentos con flexibilidade.	A1 A5			D1 D8 D9 D10 D16 D18
Ser capaz de desenvolver criterios de avaliación e aplicalos no proceso de aprendizaxe.	A1		C25	D1 D2 D3 D8 D9 D16
Habilidad para dialogar y llegar a acuerdos en trabajos en grupo.		B1 B2 B5		
Demostrar habilidade na expresión oral de ideas propias e análises reflexivas en público.		B3		D3 D4

Contidos	
Tema	
1. Aspectos metodolóxicos e conceptos da Política Comparada	Os conceptos en Política comparada. Os deseños de investigación comparativos. A comparación e os métodos en ciencia política.
2. Configuración comparada do Estado de Benestar. Diferentes modelos de política social en Europa	Desenvolvemento dos diferentes modelos de Estados do Benestar. As tres formas paradigmáticas: universalistas, corporatistas, residuales. Tipoloxías dos Estados de Benestar en Europa.
3. O modelo de benestar español: implementación estatal, autonómica e local.	Implementación estatal, autonómica e local das política sociais do Estado do Benestar en España.
4. Diferentes modelos de política social no mundo	A cuestión social en USA e Canadá; evolución da política social en América Latina; problemas sociais cruciales en África e Asia.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	21	19	40
Presentación	6	10	16
Traballo tutelado	5	24	29
Seminario	10	4	14
Traballo	5	30	35
Exame de preguntas obxectivas	1	15	16
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.			

Metodoloxía docente
Descrición

Lección maxistral	Exposición, por parte da docente, dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, das bases teóricas e/ou das directrices dun traballo, do exercicio ou do proxecto a desenvolver polo/a estudante.
Presentación	Exposición, por parte do alumnado, ante a docente e/ou un grupo de estudantes, dun tema sobre contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto, etc. Pódese levar a cabo de maneira individual ou en grupo.
Traballo tutelado	Realización e entrega por escrito do traballo a partir do guión proporcionado pola docente.
Seminario	actividades de reflexión, debate e discusión dos temas de actualidade relacionados coa materia

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	o profesor tutorizará persoalmente a cada un dos grupos formados para a realización do traballo.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Lección maxistral	Asistencia e participación na sesión e asistencia a seminarios, congresos ou xornadas científicas	10			
Presentación	Expoñer o traballo ao resto de compañeiras/os (con medios audiovisuais). Defender publicamente o eu traballo, é dicir, debe responder as preguntas e as críticas dos seus compañeiros e compañeiras, e da docente. Poderá explicar, a modo de conclusión, os problemas cos que se topou durante a elaboración do traballo.	10	B5		D1 D2 D3 D4 D9 D10 D13
Traballo tutelado	Realización e entrega por escrito do traballo a partir do guión proporcionado pola docente.	10	A3 A5		D1 D2 D3 D4
Traballo	Realización e entrega por escrito de exercicios, casos prácticos e traballos.	20	B1 B3	C2 C21 C25	D2 D8 D16 D18 D24
Exame de preguntas obxectivas	O exame responderá a un bloque composto por 30 preguntas tipo test.	50	B1 B3	C14	

Outros comentarios sobre a Avaliación

A avaliación da/os estudantes matriculadas/os en a materia farase atendendo aos criterios explicitados nesta guía.

a) Avaliación asistentes

Esta modalidade implica:

- Asistencia e participación activa nas aulas (mínimo un 80%), e asistencia a xornadas científicas ou congresos (1 punto).
- Realización de prácticas, traballos, e tarefas propostas na aula (3 puntos).
- Exposición de traballos (1 puntos).
- Realización dun exame escrito (5 puntos).

A/os alumna/os que entreguen os traballos e tarefas fóra dos prazos acordados non se lles computará esa parte da cualificación en cada caso. O cumprimento e superación desta modalidade exime ao estudante de responder ás preguntas relativas á parte non asistencial no exame final do curso. As cualificacións obtida no apartado práctico desta modalidade asistencial será sumada posteriormente á obtida no exame da primeira convocatoria e, no seu caso, a segunda convocatoria (*).

b) Avaliación non asistentes

Esta modalidade implica:

- Conexión e realización das tarefas requiridas no Programa TEMA http://faitic.uvigo.es Estableceranse prazos de entrega (3 punto) (*).

- Realización e entrega de dous comentarios críticos sobre unha selección de lecturas (1 punto). *A comezo de curso deixarase na plataforma TEMA a documentación coa relación de lecturas, así como as pautas e os prazos de entrega*.
- Realización dun exame escrito (5 puntos). Responder ás preguntas específicas sobre as lecturas no exame (1 puntos).

As e os estudantes que entreguen os traballos e exercicios fóra dos prazos acordados non se lles computará esa parte da cualificación en cada caso.

As actividades e probas non superadas durante o cuadrimestre poderán ser recuperadas na convocatoria de xullo. Non se gardarán notas dun curso a outro.

De non ter superada a materia, as competencias non adquiridas serán avaliadas na convocatoria de xullo.

As datas oficiais dos exames poden consultarse na web da facultade.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Esping-Andersen, Gösta, **Fundamentos sociales de las economías postindustriales.**, Ariel, 2000

Offe, Claus, **Contradicciones en el Estado del bienestar.**, Alianza, 1990

Torres López, Juan, **Desigualdad y crisis económica. El reparto de la tarta.**, Sistema, 2000

Del Pino, Eloisa e Rubio Lara, M. Josefa, **Los Estados de bienestar en la encrucijada políticas sociales en perspectiva comparada**, Tecnos, 2013

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===
Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===
* Metodoloxías docentes que se manteñen
As metodoloxías docentes serán as mesmas nos tres escenarios e foron deseñadas para facilitar unha transferencia fluída desde un escenario 100% presencial a outro 100% en remoto. En calquera caso, a única diferenza atinxe ou espazo non que se desenvolverá a actividade. No posible escenario de ensinanza mixta ou semipresencial, as metodoloxías levaríanse a cabo de modo semipresencial e virtual. Por outra banda, no escenario de ensinanza a distancia, as metodoloxías previstas adaptaríanse a una modalidade de execución virtual.

*Metodoloxías docentes que se modifican:
Non se modifica a dinámica propia de ningunha metodoloxía docente, excepto, como se di no apartado anterior, a súa modalidade de execución, presencial e virtual (no caso dun escenario mixto); e exclusivamente virtual (no caso dun escenario a distancia).

*Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías):
No potencial escenario de docencia semipresencial, as sesións de titorización poderán realizarse presencialmente e/ou no despacho virtual, baixo a modalidade de concertación previa e no horario que se estableza. No caso dun escenario docente na modalidade a distancia, a titorización realizarase unicamente polos medios telemáticos mencionados.

*Modificacións (se proceden) dos contidos a impartir:
Non hai modificacións nos contidos a impartir.

*Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe:
A bibliografía adicional será proporcionada ao longo do desenvolvemento da materia.

*Outras modificacións:
 Ferramentas para a docencia virtual. No escenario de docencia semipresencial, ademais da docencia presencial nas aulas, a actividade docente virtual impartirase mediante Campus Integra e preverase asemade o uso da plataforma de teledocencia Faitic como reforzo, e sen prexuízo doutras medidas que se poidan adoptar para garantir a accesibilidade do alumnado aos contidos docentes.
 No escenario de docencia a distancia, a actividade docente realizarase exclusivamente de modo virtual.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

Non hai cambios nin nos instrumentos nin nos criterios de avaliación establecidos na guía docente ordinaria.

*Probas pendentes que se manteñen:
Todas as probas propostas na guía docente para as vindeiras convocatorias, mantéñense en calquera das tres modalidades de ensinanza previstas: presencial, mixta e a distancia, para o curso 2020-21. Os criterios de avaliación, así como a súa ponderación sobre a nota final, se manteñen, tanto para o alumnado asistente, coma para o non asistente. Os procedementos ou tipoloxía de probas de avaliación, tampouco se modifican no seu contido, pero si no seu modo de execución, no caso dos dous potenciais escenarios docentes extraordinarios previstos. Así, no caso de estar nunha situación de ensinanza mixta ou semipresencial, as probas de avaliación poderán ser organizadas de modo presencial, dependendo das instalacións e medios dispoñibles. Se non fose posible facelas presencialmente, combinaríase a modalidade presencial coa virtual ou realizaríanse exclusivamente de forma virtual.
Se a situación é de ensinanza a distancia, todas as probas de avaliación realizaranse de modo virtual.

*Probas que se modifican
Para o curso 2020-2021, non hai modificacións nas probas de avaliación, agás no referido á modalidade de avaliación: presencial ou virtual, dependendo do escenario sanitario no que se leve a cabo a docencia.

*Novas probas:
Non se prevén novas probas de avaliación.

*Información adicional
Non hai.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Traballo social e cooperación ao desenvolvemento				
Materia	Traballo social e cooperación ao desenvolvemento			
Código	O05G220V01905			
Titulación	Grao en Traballo Social			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	2c
Lingua de impartición				
Departamento	Análise e intervención psicosocioeducativa			
Coordinador/a				
Profesorado				
Correo-e				
Web				
Descrición xeral	A Cooperación Internacional para o Desenvolvemento supón, hoxe en día, a maior innovación formativa dentro do Traballo Social, además de contar cunhas amplas posibilidades de emprego. Os complexos retos da Cooperación van asociados á pobreza global (e local) e a estar cada vez máis presente nas axencias, gobernos, ONGD´s, organización académicas e tecido industrial. Esta materia demanda un pensamento crítico cara o neoliberalismo, o capitalismo salvaxe, as desigualdades nos Hemisferios Norte e Sul, o Imperialismo, a Neo-colonización (..) e sobre todo busca solucións pacíficas e construtivas dende a aprendizaxe e a toma de conciencia. A materia pretende profundar en aspectos como: Desenvolvemento, Xénero, Relacións Norte-Sul, Xustiza Social-Dereitos Humanos. Máis aló do estudo, trataremos de impulsar dende as aulas un pensamento crítico, audaz, dando a coñecer o desenvolvemento das comunidades e poboacións indíxenas doutras latitudes, novos saberes e aportes, preparándonos para traballar sobre o terreno e en equipas interdisciplinares de cooperación.			

Competencias	
Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Capacidade para traballar e valorar de xeito conxunto con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades as súas necesidades, limitacións, dificultades, malestares e circunstancias
B2	Analizar situacións sociais obxecto de intervención, planificar, desenvolver, executar, revisar e avaliar a práctica do traballo social con persoas, familias, grupos, organizacións, e comunidades e con outros profesionais
B3	Traballar coas persoas para que sexan autosuficientes e con capacidade para manifestar as súas necesidades, desexos, puntos de vista e circunstancias
B4	Actuar preventivamente e na resolución das situacións de risco para a cidadanía, para si mesmo/a e para os colegas de profesión
B6	Demostrar competencia profesional no exercicio do traballo social

Resultados de aprendizaxe	
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe

É capaz de describir os conceptos propios da cooperación ao desenvolvemento e de realizar un análise crítico dos enfoques e das teorías do desenvolvemento.		B2 B3
Diferencia os distintos axentes de cooperación ao desenvolvemento, a nivel internacional, nacional, autonómico e local, a axuda oficial ao desenvolvemento, os tipos/modelos de cooperación e a participación da sociedade civil na cooperación ao desenvolvemento ou axuda non oficial ao desenvolvemento.		B2
Coñece e identifica as características principais e os espazos de intervención do traballo social no ámbito da cooperación ao desenvolvemento.	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B3 B4 B6
Coñece e é capaz de aplicar a xestión de proxectos de cooperación ao desenvolvemento e da perspectiva de xénero. Verifica fases, criterios e prioridades. É capaz de participar en equipos interdisciplinares.		
Identifica e valora as necesidades e opcións posibles para orientar programas de cooperación ao desenvolvemento acordes coas lóxicas culturais da poboación aos que se dirixan.		

Contidos

Tema	
BLOQUE 1. ASPECTOS INTRODUCTORIOS. NOCIÓNS BÁSICAS FUNDAMENTAIS.	Tema 1. Aproximación aos marcos contextuais da cooperación ao desenvolvemento: globalización e relacións norte-sul. Pobreza e conceptos asociados, igualdade e desigualdade. Tema 2. Introdución á cooperación. Conceptualización e nocións basicas. Fundamentos da cooperación para o desenvolvemento. Evolución histórica, enfoques e teorías.
BLOQUE 2. OS INSTRUMENTOS DA COOPERACIÓN INTERNACIONAL PARA O DESENVOLVEMENTO.	Tema 3. A Axuda Oficial ao Desenvolvemento. Os instrumentos da Axuda Oficial ao Desenvolvemento: A Cooperación Bilateral e a Cooperación Multilateral. Os actores da axuda: Institucións e administracións públicas, Organizacións intergubernamentais, Organizacións Non Gubernamentais para o Desenvolvemento.
BLOQUE 3. MARCO NORMATIVO. O SISTEMA ESPAÑOL DE COOPERACIÓN INTERNACIONAL PARA O DESENVOLVEMENTO. CONTEXTUALIZACIÓN NA C.A. GALEGA.	Tema 4. O Sistema Español da Cooperación Internacional ao Desenvolvemento. Lei Española de Cooperación Internacional. Plan Director da Cooperación Española. Tema 5. Contextualización na Comunidade Autónoma Galega. O III Plan Director de Cooperación Galega. A Coordinadora galega de ONGs para o desenvolvemento.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Lección maxistral	18	40	58
Traballo tutelado	6	22	28
Seminario	9	12	21
Debate	4	4	8
Presentación	4	10	14
Exame de preguntas obxectivas	2	17	19

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia.
Lección maxistral	Exposición por parte da profesora na aula para todo o grupo. Clarificación de conceptos. Explicación dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e directrices dos traballos a presentar (individuais e en grupo), exercicios e/ou proxectos a desenvolver polo alumnado. Acompañarase de titorías individuais e/ou grupais.
Traballo tutelado	En pequeno grupo o alumnado elabora un documento-traballo sobre un dos aspectos da materia, preferentemente sobre un dos ámbitos da cooperación para o desenvolvemento no traballo social. Incluirá fundamentación, procura e recollida de información, lectura e manexo de bibliografía, contextualización nun país en vías de desenvolvemento, redacción. Asesoramento por parte da profesora na aula e en titorías grupais. Traballo en grupo e supervisión de traballos.

Seminario	Actividades enfocadas ao traballo sobre un tema/ámbito específico, que permiten afondar ou completar os contidos da materia. Pódense empregar como complemento das clases teóricas. Convite a profesionais externos ou ponentes de prestixio que permiten completar os contidos da materia e unha aproximación á praxe profesional contiá.
Debate	Charlas abertas entre un grupo de estudantes. pode centrarse nun tema dos contidos da materia, na análise dun caso, no resultado dun proxecto, exercicio ou problema desenvolvido previamente nunha sesión maxistral...
Presentación	Traballo persoal do alumnado. Exposición por parte do alumnado ante a docente e o grupo de estudantes dun tema sobre os contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto. Levarase a cabo en pequeno grupo e cualificarase de xeito grupal mediante rúbricas de avaliación que previamente se lle entregarán ao alumnado. Acompañarase das lecturas obrigatorias e a análise de textos.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Actividades introdutorias	Atención personalizada na aula e nas titorías no despacho da docente. Ao inicio do curso comunicaráselles ao alumnado os horarios de atención.
Lección maxistral	Atención personalizada na aula e nas titorías no despacho da docente. Ao inicio do curso comunicaráselles ao alumnado os horarios de atención.
Traballo tutelado	Atención personalizada na aula e nas titorías no despacho da docente. Ao inicio do curso comunicaráselles ao alumnado os horarios de atención.
Presentación	Atención personalizada na aula e nas titorías no despacho da docente. Ao inicio do curso comunicaráselles ao alumnado os horarios de atención.
Seminario	Atención personalizada na aula e nas titorías no despacho da docente. Ao inicio do curso comunicaráselles ao alumnado os horarios de atención.
Debate	Atención personalizada na aula e nas titorías no despacho da docente. Ao inicio do curso comunicaráselles ao alumnado os horarios de atención.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia. Comprensión do desenvolvemento da materia na parte teórica e práctica.	0	
Lección maxistral	Exposición por parte da profesora na aula para todo o grupo. Clarificación de conceptos. Explicación dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e directrices dos traballos a presentar (individuais e en grupo), exercicios e/ou proxectos a desenvolver polo alumnado. Acompañarase de titorías individuais e/ou grupais.	0	
Traballo tutelado	Incluirá fundamentación, procura e recollida de información, lectura e manexo de bibliografía, redacción...Asesoramento por parte da profesora na aula e en titorías grupais. Traballo en grupo. Titorías grupais: supervisión de traballos.	30	
Seminario	Actividades enfocadas ao traballo sobre un tema específico, que permiten afondar ou completar os contidos da materia. Pódense empregar como complemento das clases teóricas. Convite a profesionais externos ou ponentes de prestixio que permiten completar os contidos da materia e unha aproximación á praxe profesional cotiá.	0	
Debate	Charla aberta entre un grupo de estudantes. Pode centrarse nun tema dos contidos da materia, na análise dun caso ou situación, no resultado dun proxecto, exercicio ou problema desenvolvido previamente nunha sesión maxistral...	10	
Presentación	Traballo persoal dos e das estudantes. Exposición por parte do alumnado ante a docente e o grupo dun tema sobre os contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto. Levarase a cabo en pequeno grupo e cualificarase de xeito grupal mediante rúbricas de avaliación que previamente se lle entregarán e explicarán ao alumnado.Acompañarase das lecturas obrigatorias e a análise de textos.	10	
Exame de preguntas obxectivas	Proba escrita de carácter individual que avalía contidos de varias metodoloxías e encárgase dos elementos conceptuais da materia. As preguntas poderán ser tipo test con dúas alternativas de resposta ou pregunta corta. Dita proba cualificarase de igual xeito para asistenciais e non asistenciais.	50	

Outros comentarios sobre a Avaliación

A)A nota final expresarase nunha escala de 0 a 10 segundo a normativa vixente. Será necesario obter un mínimo de 5 en cada unha das partes avaliables para poder facer media.Como se pode observar, a planificación deste proceso de ensino-aprendizaxe concíbese como unha avaliación continua. Será considerado/a alumno/a asistencial cando teña unha asistencia mínima do 80% ás sesións maxistrais, un 80% aos seminarios e un 80% aos pequenos grupos. Existirá unha modalidade de avaliación para estudiantes non asistentes. Aqueles estudantes que opten por non asistir a clases, ou non poidan, ou pretendendo ser «estudantes asistentes» teñan menos da asistencia requerida para ser considerados como tal, terán que demostrar -igualmente que os seus compañeiros/as- a adquisición das diferentes competencias da materia. As persoas non presenciais, terán que entregar antes da finalización de curso un proxecto individual de intervención relacionado coa Cooperación para o Desenvolvemento onde se reflictan os coñecementos e destrezas aprehendidas, dito proxecto de intervención será unha esixencia a maiores de todo aquelo que se solicite ao conxunto do alumnado mediante a avaliación contínua e que figura neste apartado de metodoloxías de avaliación. Dito traballo será obrigatorio e cualificarase como apto ou non apto. Na convocatoria de xullo o alumnado avaliará as competencias e probas non superadas na convocatoria anterior. Nesta convocatoria de xullo o estudantado non asistente terá que repetir novamente o exame completo. Non se gardarán notas de ningunha parte da materia -teoría ou práctica- para o seguinte curso académico.

B)As partes da materia superadas na !ª oportunidade, non serán obxecto de avaliación na 2ª, considerándose, polo tanto, como aprobadas nese curso académico.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Sotillo, José Angel., **El sistema de cooperación para el desarrollo.**, 2011,

Gascón, Jordi., **El turismo en la cooperación internacional. De las brigadas internacionalistas al turismo solidario.**, 2009,

Izquierdo Collado, J.D., **Cooperación al desarrollo y trabajo social.**, 2007,

GÓMEZ GALAN, MANUEL; SANAHUGA, JOSÉ ANTONIO (COORDs.); SOBRINO, JOSE MANUEL; LASAGNA, MARCELO; REY,, **La cooperación al desarrollo en un mundo en cambio. Perspectivas sobre nuevos ámbitos de intervención.**, 2001,

Bibliografía Complementaria

ARUNDATHI_ROI.,
RTIhttp://www.economiasolidaria.org/las-economias-feministas/noticias/materiales-para-un-confinamiento-en-clave-de-economia-feminista, 2021,

Recomendacións

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Inglés para traballadores/as sociais/O05G220V01902

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Traballo social grupal e comunitario/O05G220V01604

Plan de Continxencias

Descrición

Plan de continxencias: Adaptación de metodoloxías á docencia non presencial:

Metodoloxías docentes que se modifican:
Traballos tutelados: Inclúe fundamentación, procura e recollida de información, lectura e manexo de bibliografía, etc. É o traballo práctico que veñen facendo ao longo do curso en parellas ou de xeito individual, modifica a súa ponderación sobre o total, pasando a ser do 50% do total da practica. Elimínase a presentación na aula dos traballos e os debates e a súa ponderación respectiva.
Eliminase a proba tipo test, que ponderaba un 50% no global. En substitución de dito exame tipo test realizaranse 2 traballos tutelados, de xeito que entre os 2 ponderen o 50% da calificación global (25% cada un deles).

DOCENCIA:
A docencia impartirase mediante o Campus Remoto e mediante o uso da plataforma FAITIC preferentemente.

Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (TITORÍAS):
As titorías realízanse a través de mails e por videoconferencia, skipe, zoom, e otros xeitos on-line.

Información adicional:
Elimínase a distinción entre alumnado asistencial e non asistencial, de xeito que os e as que viñan sendo non presenciais deberán entregar os mesmos traballos que o resto do alumnado.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Traballo social e mediación				
Materia	Traballo social e mediación			
Código	O05G220V01906			
Titulación	Grao en Traballo Social			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Análise e intervención psicosocioeducativa			
Coordinador/a				
Profesorado				
Correo-e				
Web				
Descrición xeral	A mediación é un medio para a xestión e transformación de conflitos ou situacións-problema que causan malestar, selo principal da nosa identidade como traballadores/as sociais. O contacto permanente coas persoas, familias, grupos e comunidades inmersas en conflitos ou en situacións potencialmente conflitivas avala aos/aos traballadores/as sociais como principais profesionais da Mediación tal como sinala o Código Deontolóxico do Traballo Social aprobado na *Asemblea Xeral do **CGTS. A Mediación forma parte **xá dun ámbito específico dos Servizos Sociais debido ao aumento das rupturas **matrimonias, separacións familiares, conflitos entre adolescentes e proxenitores, conflitos **interxeracionais e aos novos modelos de familia que esixen respostas cada vez máis cualificadas e competencias básicas na intervención mediadora. O alumnado debe preparase para experimentar o rol mediador, capacitarse para guiar ordenadamente, de maneira sistemática, construtivo e metodolóxico ás partes en conflito asegurando que sexan as protagonistas e partícipes da súa resolución. Esta materia presenta a Mediación como unha técnica innovadora dentro das competencias do traballo social e como un novo nicho de investigación e emprego para os futuros profesionais. Pretende relacionar o traballo social coa mediación como faceta principal do noso quefacer desde os inicios da profesión, como un medio de resolución pacífica de conflitos. Sinalará os métodos alternativos de resolución de problemas e os ámbitos de intervención: familiar, escolar, comunitaria, intercultural, sanitaria, organizacional, laboral, penal, civil e mercantil.			

Competencias	
Código	
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Capacidade para traballar e valorar de xeito conxunto con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades as súas necesidades, limitacións, dificultades, malestares e circunstancias
B2	Analizar situacións sociais obxecto de intervención, planificar, desenvolver, executar, revisar e avaliar a práctica do traballo social con persoas, familias, grupos, organizacións, e comunidades e con outros profesionais
B3	Traballar coas persoas para que sexan autosuficientes e con capacidade para manifestar as súas necesidades, desexos, puntos de vista e circunstancias
B4	Actuar preventivamente e na resolución das situacións de risco para a cidadanía, para si mesmo/a e para os colegas de profesión
B5	Administrar e ser responsable, con supervisión e apoio, da propia práctica dentro da organización
B6	Demostrar competencia profesional no exercicio do traballo social
C1	Establecer relacións profesionais co fin de identificar a forma máis adecuada de intervención
C2	Interactuar con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades para axudarlles a tomar decisións ben fundamentadas achega das súas necesidades, circunstancias, riscos, opcións preferentes e recursos, considerando a diversidade cultural -e polo tanto a especificidade das minorías étnicas, culturais, lingüísticas...-, a esixencia de promover a igualdade entre homes e mulleres, a necesidade de tender cara a unha sociedade ambientalmente sustentable e de defender os valores da paz
C3	Valorar as necesidades e opcións posibles para orientar unha estratexia de intervención

C4	Responder a situacións de crise valorando a urxencia das situacións, planificando e desenvolvendo accións para facer fronte ás mesmas e revisando os seus resultados
C5	Interactuar con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades para conseguir cambios, para promover o desenvolvemento dos mesmos e para mellorar as súas condicións de vida por medio da utilización dos métodos e modelos de Traballo Social, facendo un seguimento con regularidade dos cambios que se producen co fin de preparar a finalización da intervención
C6	Preparar, producir, implementar e avaliar os plans de intervención co sistema cliente e os colegas profesionais negociando o fornecemento de servizos que deben ser empregados e revisando a eficacia dos plans de intervención coas persoas implicadas co fin de adaptalos ás necesidades e circunstancias cambiantes. Considerar os deberes éticos da profesión relativos ao sistema cliente a respecto da confianza, a proximidade, a afectividade, as relacións igualitarias, o respecto á diversidade cultural, etc
C7	Apoiar o desenvolvemento de redes para facer fronte ás necesidades e traballar a favor dos resultados planificados examinando coas persoas as redes de apoio ás que poidan acceder e desenvolver; en especial, no caso de mulleres (maltratadas, coidadoras habituais de persoas dependentes, enfermas mentais e con outras incapacidades...) e considerando as peculiaridades de Galicia en tanto que é un país con alta dispersión da poboación, agrupación territorial moi diferenciada entre o rural e os espazos urbanos, territorios abandonados e alto envellecemento da poboación (esixencia de maiores redes)
C8	Promover o crecemento, desenvolvemento e independencia das persoas identificando as oportunidades para formar e crear grupos, utilizando a programación e as dinámicas de grupos para o crecemento individual e o fortalecemento das habilidades de relación interpersoal; en especial con colectivos con diversidade multicultural (inmigración, emigración de retorno, minorías étnicas...) e coas mulleres, tendo en conta a súa marxinación historicamente condicionada no ámbito da participación social-cultural e nos órganos de decisión e poder (empowerment)
C9	Traballar cos comportamentos que representan un risco para o sistema cliente identificando e avaliando as situacións e circunstancias que configuran o devandito comportamento e elaborando estratexias de modificación dos mesmos
C10	Analizar e sistematizar a información que proporciona o traballo cotián como soporte para revisar e mellorar as estratexias profesionais que deben dar resposta ás situacións sociais emerxentes
C11	Utilizar a mediación como estratexia de intervención destinada á resolución alternativa de conflitos
C13	Defender as persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades e actuar no seu nome se a situación o requirir
C15	Establecer e actuar para a resolución de situacións de risco previa identificación e definición da natureza da mesma
C16	Establecer, minimizar e administrar o risco cara a un mesmo e os colegas a través da planificación, revisión e seguimento de accións para limitar o estrés e o risco
C17	Administrar e ser responsable do seu propio traballo asignando prioridades, cumprindo coas obrigacións profesionais e avaliando a eficacia do propio programa de traballo
C19	Xestionar e presentar historias e informes sociais manténdoos completos, fieis, accesibles e actualizados como garantía na toma de decisións e valoracións profesionais; con especial precaución a respecto do dereito dos usuarios e das usuarias á confidencialidade, ao segredo profesional e á protección de datos
C21	Participar na administración e dirección de entidades de benestar social
C22	Investigar, analizar, avaliar e utilizar o coñecemento actual das mellores prácticas do Traballo Social para revisar e actualizar os propios coñecementos sobre os marcos de traballo
C23	Traballar dentro de estándares acordados para o exercicio do Traballo Social e asegurar o propio desenvolvemento profesional utilizando coñecementos e técnicas profesionais como medio para xustificar decisións, reflexionando criticamente sobre as mesmas e utilizando a supervisión como medio para mellorar e avaliar o exercicio profesional
C24	Xestionar conflitos, dilemas e problemas éticos complexos identificando os mesmos, deseñando estratexias de superación e reflexionando sobre os seus resultados
D1	Capacidade de análise e síntese
D2	Capacidade de organización e planificación
D3	Capacidade reflexiva
D4	Comunicación oral e escrita nas linguas nativas
D6	Coñecemento da cultura propia da comunidade
D7	Aprendizaxe e dominio de novas tecnoloxías
D8	Capacidade de xestión da información
D9	Resolución de problemas
D10	Toma de decisións
D11	Traballo en e con equipos diversos
D12	Traballo en equipo de carácter interdisciplinar
D14	Habilidades nas relacións interpersoais
D15	Recoñecemento e respecto á diversidade e á multiculturalidade
D16	Razoamento crítico
D17	Compromiso ético
D18	Aprendizaxe autónoma
D19	Adaptación a novas situacións
D20	Creatividade
D21	Liderado
D22	Iniciativa e espírito emprendedor
D23	Motivación pola calidade
D24	Sensibilidade cara a temas medio ambientais, igualdade entre home e mulleres, cultura da paz, etc.

Resultados de aprendizaxe				
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
- Coñece e comprende a implicación da mediación na resolución de conflitos.	A2 A4 A5	B2 B3	C1 C3 C4 C5 C6 C7 C8 C9	D1 D3
- Coñece e comprende os fundamentos teórico-metodolóxicos e lexislativos da mediación social.	A2 A3 A5	B3 B5	C1 C3 C6 C7 C8 C10 C11 C13 C16 C17 C19 C21 C22 C23 C24	D1 D3 D9 D14 D16 D18 D23
- Coñece os diferentes ámbitos da mediación: familiar, escolar, comunitaria, intercultural e outros.	A2 A4	B1 B2 B3 B4 B6	C2 C3 C4 C5 C11 C13 C15 C16 C24	D2 D3 D6 D9 D10 D11 D12 D14 D16 D17 D19 D20 D23 D24
- Coñece e comprende as habilidades e perfís da figura do/a mediador/a. Tipos de mediadores/as: mediadores/as institucionais e mediadores/os cidadáns.		B4 B5	C11 C13	D1 D2 D3 D6 D7 D8 D9 D10 D11 D12 D14 D15 D16 D17 D18 D19 D20 D21

- É capaz de aplicar as teorías e metodoloxías específicas dos ámbitos de intervención	A3 A4 A5	B1 B2 B5 B6	C1 C3 C5 C6 C7 C8 C9 C13 C22 C23 C24	D2 D3 D4 D6 D8 D11 D12 D14 D15 D16 D17 D18 D19 D22 D23 D24

Contidos	
Tema	
T1. Aproximación conceptual á mediación social. Aproximación á Mediación desde o Traballo Social. Reseña histórica da mediación social. Obxectivos, vantaxes e inconvenientes da mediación social. Lexislación en mediación social.	Mediación e intervención psicosocial desde o traballo social. Conceptos básicos. Historia da mediación no contexto do traballo social. Obxectivos, vantaxes e inconvenientes da mediación social. Marco normativo actual.
T2.Aproximación conceptual á resolución de conflitos desde a mediación social.	O conflito. Introdución e presentación: Que é o conflito?. Características do conflito. Tipos de conflito segundo C.Moore. O Ciclo do Conflito. Métodos adversariais e non adversariais de resolución do conflito.
T3. Modelos de mediación social. A mediación social como proceso. Principios da mediación.	Modelos de intervención. Principios e competencias básicas na intervención mediadora. Os Límites da mediación: A Violencia familiar e a violencia de xénero. Aspectos relacionais. A influencia do Código deontolóxico do TS. Ética da mediación. Rexistro de mediadores/as e Institucións de Mediación. O papel do Colexio Oficial de Traballo Social como punto de mediación.
T4. Ámbitos de intervención:familiar, escolar, comunitaria, intercultural e outros. Formulacións, obxectivos e metodoloxía.	O proceso de Mediación nos distintos ámbitos de intervención. A importancia da mediación familiar como ámbito específico de intervención. Marco normativo: Lei 4/2001 do 31 de maio reguladora da Mediación Familiar. Decreto 159/2003 do 31 de xaneiro polo que se regula a figura do/a mediador/a familiar, o Rexistro de mediadores/as familiares. Intervención a través da mediación familiar en familias multiproblemáticas ou en crises. Simulación de casos, resolución de casos prácticos e Rol-playing. Elaboración dos exercicios en grupo por parte do alumnado e presentación na aula.
T5. Competencias e habilidades do profesional mediador. Competencias comúns do profesional mediador e o profesional do traballo social.	Proceso metodolóxico nos diferentes ámbitos da mediación. Fases do proceso. Habilidades profesionais. Técnicas e instrumentos na mediación e o traballo social. Similitudes e diferenzas.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Lección maxistral	9	0	9
Estudo de casos	5	50	55

Presentación	9	18	27
Seminario	9	0	9
Estudo previo	4	8	12
Traballo tutelado	6	12	18
Exame de preguntas obxectivas	1	17	18

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia.
Lección maxistral	Exposición por parte dos profesores na aula para todo o grupo. Clarificación de conceptos. Explicación dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e directrices dos traballos a presentar (individuais e en grupo), exercicios e/ou proxectos a desenvolver polo alumnado. Acompañarase de titorías individuais e/ou grupais.
Estudo de casos	Simulación de casos, resolución de casos prácticos, rol-playing, análise de situacións-problema ou posicionamento e resolución ante o conflito.Profundarase nos modelos/estratexias de intervención e na metodoloxía. Análise dun feito, problema ou suceso real coa finalidade de coñecelo, interpretalo, resolvelo, xerar hipótese, contrastar datos, reflexionar, completar coñecementos, diagnoses e adestramento en procedementos alternativos de solución.
Presentación	Traballo persoal do alumnado. Exposición por parte do alumnado ante os docentes e o grupo de estudantes dun tema sobre os contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto. levará a cabo en pequeno grupo e cualificarase de maneira grupal mediante rúbricas de avaliación que previamente se lle entregarán e explicarán ao alumnado. Acompañarase das lecturas obrigatorias e a análise de textos.
Seminario	Actividades enfocadas ao traballo sobre un tema específico, que permiten afondar ou completar os contidos da materia. Pódense empregar como complemento das clases teóricas. Invitación a profesionais externos ou relatores de prestixio que permiten completar os contidos da materia e unha aproximación á praxe profesional cotiá.
Estudo previo	Planificación continua do estudo por parte do alumnado, de maneira programada e coa titorización docente.
Traballo tutelado	En pequeno grupo, o alumnado elabora un documento-traballo sobre un dos aspectos da materia, preferentemente sobre un dos ámbitos da mediación no traballo social. Incluirá fundamentación, procura e recollida de información, lectura e manexo de bibliografía, redacción, valoración-conclusións. Asesoramento docente na aula e en titorías grupais. Traballo en grupo. Supervisión de traballos.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	A persoa docente acompañará o proceso de ensino aprendizaxe na aula
Estudo de casos	A persoa docente acompañará o proceso de ensino aprendizaxe na aula durante a realización de casos prácticos
Presentación	O alumnado exporá bloques temáticos consensuadas antes co docente
Seminario	Servirán para profundar nun tema

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe

Presentación	Traballo persoal do alumnado. Exposición por parte do alumnado ante o docente e o grupo de estudantes dun tema sobre os contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto. levará a cabo en pequeno grupo e cualificarase de maneira grupal mediante rúbricas de avaliación que previamente se lle entregarán e explicarán ao alumnado. Acompañarase das lecturas obrigatorias e a análise de textos.	20		B2 B6	C22	D1 D2 D3 D4 D6 D7 D10 D11 D12 D14 D15 D16 D17 D18 D19 D20 D21 D22 D23 D24
Estudo previo	Planificación continua do estudo por parte do alumnado, de maneira programada e coa titorización do docente. Este estudo autónomo por parte do alumnado avaliarase de forma conxunta coa proba de avaliación tipo test, entre ambos suporán o 50% da avaliación total da materia.	10	A2 A3 A4	B2 B6	C21 C22 C23 C24	D1 D8 D9 D10 D11 D12 D14
Traballo tutelado	En pequeno grupo, o alumnado elabora un documento-traballo sobre un dos aspectos da materia, preferentemente sobre un dos ámbitos da mediación no traballo social. Incluirá: fundamentación, procura e recollida de información, lectura e manexo de bibliografía, redacción, valoración-conclusións. Asesoramento por parte do profesor na aula e en titorías grupais.Traballo en grupo. Supervisión de traballos.	30		B1 B2 B3 B4 B5 B6	C1 C2 C8 C9 C11 C16 C17 C19 C21 C22	D16 D17 D22 D23 D24
Exame de preguntas obxectivas	Proba escrita de carácter individual que avalía contidos de varias metodoloxías e encárgase dos elementos conceptuais da materia. As preguntas poderán ser tipo test ou pregunta curta. Dita proba cualificarase de igual maneira para asistenciais e non asistenciais.	40		B1 B2 B3 B4 B5 B6	C3 C4 C5 C6 C7 C8 C9 C10 C13 C15 C23 C24	D16 D17 D20 D21 D22 D23 D24

Outros comentarios sobre a Avaliación

Segundo anormativa vixente, con independencia da súa asistencia ou non ás clases(virtual ou presencial), o alumnado gozará de condicións equivalentes deavaliación. A parte teórica da materia constitúe un 50 % da nota final. A parte práctica damateria constitúe o 50 % da nota final. Cada parte debe ser aprobada cun mínimodun 2.5 para facer media coa outra. En todo caso, o alumnado non poderá seravaliado se non presenta en tempo e forma as tarefas encomendas.

SISTEMAS DE AVALIACIÓN

1.-ALUMNADOASISTENCIAL: A planificación do proceso deensinanza-aprendizaxe concíbese como unha avaliación continua e esixe apresenza do estudantado nas actividades prácticas que se desenvolverán ao longodo curso (sexa presencial, a través do Campus remoto (non presencial) ou enmodalidade mixta), en especial naquelas relacionadas coa adquisición decompetencias relativas ao saber facer e ao saber ser (procedementais eactitudinais). Será considerado asistencial aquel alumnado que teña unhaasistencia (sexa presencial, a través do Campus remoto (non presencial) ou enmodalidade mixta) mínima do 80 % ás clases prácticas e seminarios (grupos deprácticas) e realice e supere os traballos encomendados ao longo do curso. Encaso de non cumprir con este requisito, serán avaliados como alumnado nonasistencial. Subliñar que non chega con asistir á clase (física ou virtual),nin que o que se avalía é a simple "asistencia". O avaliable son osresultados do

proceso de ensinanza-aprendizaxe reflectidos nos exercicios eactividades ben realizados e a participación activa e pertinente nas clasesprácticas que supoñen, como xa se dixo, o 50 % da nota total da materia (sófará media coa teoría a partir dun 2.5). Quede expresamente claro que osdocentes non pedirán ao alumnado explicación de por que non acode á clase e,tendo en conta que a asistencia ás clases da universidade non son obrigatorias,tampouco aceptará «desculpas» ou «escusas» respecto das ausencias deste.Obviamente, non serán tomadas como faltas a imposibilidade de asistencia puntualpor causas xustificadas debidamente "certificadas": enfermidade,hospitalización, pasamento dun familiar próximo, realización dun exame oficialnoutro lugar, etc. Se o estudantado deixa de asistir á clase, sexa cal for acircunstancia, terá que optar pola segunda modalidade de avaliación.

2.-ALUMNADO NON ASISTENCIAL: Aqueles/as estudantes que non poidan ou queopten por non asistir ás clases prácticas, ou pretendendo ser «estudantesasistenciais» superen a asistencia estipulada para seren considerados alumnadoasistencial, terán que demostrar -igualmente que o resto do alumnado- aadquisición das diferentes competencias da materia, ou sexa, o coñecemento dosseus aspectos procedementais e actitudinais. Isto farano nunha única proba ouexame final o día da convocatoria oficial. O exame consistirá na proba tipotest, ou pregunta curta, común a todo o alumnado (parte teórica, 50 % da nota),así como 5 preguntas relacionadas cos contidos prácticos (50 % da nota). Aparte teórica da materia pódese estudar por completo a través da bibliografíabásica recomendada e os apuntes existentes na plataforma virtual. En canto áparte práctica, esixiráselle ao alumnado que saiba responder os contidosconceptuais, actitudinais e procedementais desenvoltos ao longo do curso edemostre ter adquiridas as competencias específicas da materia. Esta parte podeestudala a través de textos recomendados existentes na biblioteca, dos apuntese exercicios existentes na plataforma virtual, e co asesoramento dos docentes através de titorías presenciais, por correo electrónico ou telefónico se así odesexa o/a estudante. Ademais, o alumnado non asistencial deberá presentar unproxecto individual de intervención en mediación, onde se reflictan oscoñecementos e destrezas aprendidas; o dito traballo será obrigatorio ecualificarase como apto ou non apto.

SEGUNDA CONVOCATORIA As partes damateria superadas na 1ª oportunidade, non serán obxecto de avaliación na 2ª,considerándose, polo tanto, como aprobadas nese curso académico. De non tersuperado a materia, as competencias non adquiridas serán avaliadas naconvocatoria de xullo segundo os seguintes criterios. Na convocatoria de xulloserán avaliadas só aquelas probas e competencias que non se superaran naconvocatoria anterior; isto é, gardaranse as notas da parte teórica e/oupráctica aprobada (sempre que superen cun 2.5 en cada unha destas partes). Istoé, a parte ou partes non superadas durante o cuadrimestre poderán serrecuperadas no exame de xullo, manténdose as puntuacións previamente conseguidas. En todo caso, as partes suspensas (ben teoría ben práctica) avaliaransemediante proba escrita e non a través da presentación de actividades e/outraballos.

OUTRAS CUESTIÓNS RELACIONADAS COA AVALIACIÓN: A materia pode ser estudada por completo cosmateriais existentes na plataforma virtual e co asesoramento da docente através do seu correo electrónico ou de titorías presenciais ou virtuais, previacita. Esixirase que os/as estudantes saibanescribir correctamente e sen faltas ortográficas (acentos gráficos eabreviaturas incluídas), que saiba ler comprensivamente, analizar e sintetizarasí como resumir o lido ou escoitado nas aulas. Tamén se espera que saibaexpresarse con corrección e de acordo co nivel que esixe un ciclo universitariousando unha terminoloxía axeitada a este rexistro lingüístico. Todo istoconstituirá parte da avaliación do alumnado e, en todo caso, terá quereflectirse nos seus exercicios e no exame. O plaxio supón de inmediato osuspenso da materia. Advírtese ao alumnado que non se gardaráningunha nota para o curso seguinte; este aspecto rexe tanto para o alumnadoasistencial como non asistencial. As datas oficiais dos exames da materia podenser consultados na páxina web da Facultade.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Rondón, L. M., **Bases para la mediación familiar**, Tirant lo Blanch, 2012

Muñoz, Ana María, **Mediacion en conflicto versus mediacion en trabajo social**, 2012

Blanco Carrasco, Marta, **Mediación y Trabajo Social: especial atención al ámbito comunitario**, 2016

Muñoz, Ana María, **La relevancia de la mediación para el trabajo social: ¿modelo teórico de trabajo social?**, 2012

Colegio Oficial de Diplomados de Trabajo Social y Asistentes Sociales de Madrid, **El Trabajo Social y la Mediación**, 2006

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Outros comentarios

Recomendacións para o estudo da materia:
- Asistencia e participación nas clases interactivas e expositivas.
- Colaboración e posicionamento activo nas tarefas a realizar en grupo.

Plan de Continxencias

Descrición

Como consecuencia das circunstancias actuais derivadas da aparición e evolución do coronavirus COVID-19, a docencia desta materia poderá impartirse de xeito presencial, de xeito virtual (non presencial), ou de xeito mixto. En calquera dos casos, os e as estudantes disporán dos materiais precisos para cursar a materia na plataforma virtual e do acompañamento da docente a través de titorías (presenciais ou virtuais) ou a través do correo electrónico.
As modalidades de avaliación para o estudantado asistencial e non asistencial figuran no apartado de Avaliación.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Traballo social e ámbitos profesionais				
Materia	Traballo social e ámbitos profesionais			
Código	O05G220V01907			
Titulación	Grao en Traballo Social			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	2c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Análise e intervención psicosocioeducativa			
Coordinador/a				
Profesorado				
Correo-e				
Web				
Descrición xeral	Esta materia, como optativa do último curso, trata de orientar ao estudante respecto aos novos ámbitos de intervención do traballo social, que se impoñen no escenario do século XXI, caracterizado por profundas transformacións sociopolíticas e culturais, que fan replantexarmos e reconstruirmos a esencia mesma do traballo social, e polo tanto, dos seus campos específicos de intervención. Os novos ámbitos de intervención, seudodescoñecidos e apenas tratados ao longo da carreira, permitirán ao alumnado maior coñecemento teórico-práctico e facilitarán a elección do seu quefacer inmediato e futuro tanto a nivel formativo como laboral. Supoñen, además, profundizar en investigacións e xacimentos de emprego, ainda sen explorar. A materia afástase, polo tanto, dos ámbitos habituais do traballo social, indagando nos novos contextos da intervención profesional dende a problematización e a interpelación aos protagonistas. A crise da modernidade e a redefinición da □cuestión social□ condicionan o traballo social en tanto □servizo público□, e fainos reflexionar sobre as insuficiencias de prácticas simplificadoras que reducen a integralidade humana á especificidade organizativa das institucións do Benestar Social, nomeadamente dos Servizos Sociais Comunitarios básicos e especializados. A materia sinalará as especificidades da intervención en ámbitos profesionais tan dispares como a saúde, educación, xustiza e vivenda, iniciativa privada e empresarial, terceiro sector e peritaxe social, entre outros. Requisitos e formas de acceso a cada un dos ámbitos, facilitando o empoderamento e a clarificación para a elección e futura especialización do alumnado.			

Competencias	
Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Capacidade para traballar e valorar de xeito conxunto con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades as súas necesidades, limitacións, dificultades, malestares e circunstancias
B2	Analizar situacións sociais obxecto de intervención, planificar, desenvolver, executar, revisar e avaliar a práctica do traballo social con persoas, familias, grupos, organizacións, e comunidades e con outros profesionais
B3	Traballar coas persoas para que sexan autosuficientes e con capacidade para manifestar as súas necesidades, desexos, puntos de vista e circunstancias
B5	Administrar e ser responsable, con supervisión e apoio, da propia práctica dentro da organización
B6	Demostrar competencia profesional no exercicio do traballo social
C1	Establecer relacións profesionais co fin de identificar a forma máis adecuada de intervención
C2	Interactuar con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades para axudarlles a tomar decisións ben fundamentadas achega das súas necesidades, circunstancias, riscos, opcións preferentes e recursos, considerando a diversidade cultural -e polo tanto a especificidade das minorías étnicas, culturais, lingüísticas...-, a esixencia de promover a igualdade entre homes e mulleres, a necesidade de tender cara a unha sociedade ambientalmente sustentable e de defender os valores da paz
C3	Valorar as necesidades e opcións posibles para orientar unha estratexia de intervención

C5	Interactuar con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades para conseguir cambios, para promover o desenvolvemento dos mesmos e para mellorar as súas condicións de vida por medio da utilización dos métodos e modelos de Traballo Social, facendo un seguimento con regularidade dos cambios que se producen co fin de preparar a finalización da intervención
C6	Preparar, producir, implementar e avaliar os plans de intervención co sistema cliente e os colegas profesionais negociando o fornecemento de servizos que deben ser empregados e revisando a eficacia dos plans de intervención coas persoas implicadas co fin de adaptalos ás necesidades e circunstancias cambiantes. Considerar os deberes éticos da profesión relativos ao sistema cliente a respecto da confianza, a proximidade, a afectividade, as relacións igualitarias, o respecto á diversidade cultural, etc
C7	Apoiar o desenvolvemento de redes para facer fronte ás necesidades e traballar a favor dos resultados planificados examinando coas persoas as redes de apoio ás que poidan acceder e desenvolver; en especial, no caso de mulleres (maltratadas, coidadoras habituais de persoas dependentes, enfermas mentais e con outras incapacidades...) e considerando as peculiaridades de Galicia en tanto que é un país con alta dispersión da poboación, agrupación territorial moi diferenciada entre o rural e os espazos urbanos, territorios abandonados e alto envellecemento da poboación (esixencia de maiores redes)
C8	Promover o crecemento, desenvolvemento e independencia das persoas identificando as oportunidades para formar e crear grupos, utilizando a programación e as dinámicas de grupos para o crecemento individual e o fortalecemento das habilidades de relación interpersoal; en especial con colectivos con diversidade multicultural (inmigración, emigración de retorno, minorías étnicas...) e coas mulleres, tendo en conta a súa marxinación historicamente condicionada no ámbito da participación social-cultural e nos órganos de decisión e poder (empowerment)
C9	Traballar cos comportamentos que representan un risco para o sistema cliente identificando e avaliando as situacións e circunstancias que configuran o devandito comportamento e elaborando estratexias de modificación dos mesmos
C11	Utilizar a mediación como estratexia de intervención destinada á resolución alternativa de conflitos
C12	Deseñar, implementar e avaliar proxectos de intervención social
C13	Defender as persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades e actuar no seu nome se a situación o requirir
C14	Preparar e participar nas reunións de toma de decisións co fin de defender mellor os intereses das persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades
C15	Establecer e actuar para a resolución de situacións de risco previa identificación e definición da natureza da mesma
C16	Establecer, minimizar e administrar o risco cara a un mesmo e os colegas a través da planificación, revisión e seguimento de accións para limitar o estrés e o risco
C20	Traballar de xeito eficaz dentro de sistemas, redes e equipos interdisciplinares e «multiorganizacionais» co propósito de colaborar no establecemento de fins, obxectivos e tempo de duración dos mesmos contribuíndo igualmente a abordar de xeito construtivo os posibles puntos de vista existentes
C23	Traballar dentro de estándares acordados para o exercicio do Traballo Social e asegurar o propio desenvolvemento profesional utilizando coñecementos e técnicas profesionais como medio para xustificar decisións, reflexionando criticamente sobre as mesmas e utilizando a supervisión como medio para mellorar e avaliar o exercicio profesional
D1	Capacidade de análise e síntese
D2	Capacidade de organización e planificación
D3	Capacidade reflexiva
D8	Capacidade de xestión da información
D9	Resolución de problemas
D10	Toma de decisións
D11	Traballo en e con equipos diversos
D12	Traballo en equipo de carácter interdisciplinar
D14	Habilidades nas relacións interpersoais
D15	Recoñecemento e respecto á diversidade e á multiculturalidade
D16	Razoamento crítico
D17	Compromiso ético
D18	Aprendizaxe autónoma
D20	Creatividade
D24	Sensibilidade cara a temas medio ambientais, igualdade entre home e mulleres, cultura da paz, etc.

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Adquirir formación básica sobre os diferentes ámbitos de actuación.	A1	B1	C1	D1
	A2	B2	C2	D2
	A3	B3	C3	D3
	A4	B5	C5	D8
	A5	B6	C6	D10
			C9	D11
			C20	D12
				D14
				D16
				D17
				D18
				D20

Coñecer os diferentes ámbitos profesionais presentes na sociedade e as diferentes posibilidades de futura incorporación laboral dos Traballadores Sociais.	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B3 B5 B6	C2 C3 C5 C6 C7 C11 C12 C13 C14 C15 C16 C20 C23	D1 D2 D3 D8 D9 D10 D15 D16 D17 D18 D20 D24
Descubrir intereses e aptitudes personais respecto das diferentes opcións profesionais.	A2 A3 A4 A5	B1 B2 B3 B5 B6	C3 C6 C7 C8 C23	D8 D9 D10 D18 D20 D24
. Manexar a lexislación e recursos básicos dos diferentes ámbitos profesionais .	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B3	C3 C5 C6 C7 C8 C12 C15 C16 C20 C23	D2 D3 D8 D9 D10 D11 D12 D14 D15 D18
. Coñecer o papel específico do/a traballador/a social nos diferentes ámbitos interdisciplinares	A3 A5	B1 B2	C1 C3 C7 C8	D1 D2 D3 D8 D18 D20 D24

Contidos	
Tema	
Introdución aos diferentes ámbitos profesionais en Traballo Social.	Identificación dos diferentes ámbitos de intervención do Traballo Social e das funcións e rol profesional. Identificación das principais áreas e sectores de intervención: saude, educación, xustixa, emprego, vivenda, servizos sociais públicos e privados, terceiro sector, empresa, iniciativa empresarial, peritaxe social, etc.
O TRABALLO SOCIAL NOS SERVIZOS SOCIAIS	Particularización da intervención profesional e campo problemático. Delimitacións de funcións e obxectivos no marco da actuación sectorial. O traballo social nos servizos sociais comunitarios Atención comunitaria Atención específica O traballo social nos servizos sociais especializados Características do espazo de intervención, problemática obxecto de intervención, funcións, competencias e rol do/a traballador/a social.

O TRABALLO SOCIAL NO ÁMBITO DA SAÚDE	Particularización da intervención profesional e campo problemático. Delimitacións de funcións e obxectivos no marco da actuación sectorial. O Traballo social en saúde. Atención Primaria de Saúde Traballo social hospitalario Traballo social en dependencia e diversidade funcional Traballo social e saúde mental Traballo social e adicións Traballo social e emerxencias Traballo social e coidados ao final da vida Ámbitos emerxentes no Traballo social en saúde: enfermedades raras, unidades de transplante, hospitalización a domicilio, disforia de xénero, etc. Coordinación sociosanitaria Traballo social nas asociacións cidadás de saúde e autoaxuda Características do espazo de intervención, problemática obxecto de intervención, funcións, competencias e rol do/a traballador/a social.
O TRABALLO SOCIAL NOUTROS SISTEMAS DE PROTECCIÓN SOCIAL	Particularización da intervención profesional e campo problemático. Delimitacións de funcións e obxectivos no marco da actuación sectorial. Traballo social no ámbito da xustiza Traballo social, vivenda e urbanismo Traballo social e emprego Traballo social no ámbito educativo Características do espazo de intervención, problemática obxecto de intervención, funcións, competencias e rol do/a traballador/a social.
O TRABALLO SOCIAL NO TERCEIRO SECTOR	Particularización da intervención profesional e campo problemático. Delimitacións de funcións e obxectivos no marco da actuación sectorial. O terceiro sector: A relación do traballo social co tecido asociativo, sindical, ONGs, movimentos sociais. Rol do/a traballador/a social no tecido asociativo O voluntariado. A desciudadanización dos sectores populares Características do espazo de intervención, problemática obxecto de intervención, funcións, competencias e rol do/a traballador/a social.
O TRABALLO SOCIAL NA EMPRESA PRIVADA E O EXERCICIO LIBRE DA PROFESIÓN	Particularización da intervención profesional e campo problemático. Delimitacións de funcións e obxectivos no marco da actuación sectorial. Traballo social empresarial Responsabilidade social corporativa Inicativa social O libre exercicio profesional Peritaxe social Marqueting social e instrumentos de comunicación Xestión e dirección de servizos e equipamentos sociais Características do espazo de intervención, problemática obxecto de intervención, funcións, competencias e rol do/a traballador/a social.
AS SAÍDAS LABORAIS DOS PROFESIONAIS DE TRABALLO SOCIAL	A colexiación As saídas profesionais nos sistemas de protección social públicos As saídas profesionais nas empresas privadas As saídas profesionais no exercicio libre da profesión Guía de saídas profesionais no estranxeiro

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Lección maxistral	18	40	58
Traballo tutelado	10	30	40
Resolución de problemas de forma autónoma	7	21	28
Presentación	6	14	20
Exame de preguntas obxectivas	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia. Comprensión do desenvolvemento da materia na parte teórica e práctica.

Lección maxistral	Exposición por parte das profesoras na aula para todo o grupo. Clarificación de conceptos. Explicación dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e directrices dos traballos a presentar (individuais e en grupo), exercicios e/ou proxectos a desenvolver polo alumnado. Acompañarase de titorías individuais e/ou grupais.
Traballo tutelado	Incluirá fundamentación, procura e recollida de información, lectura e manexo de bibliografía, redacción...Asesoramento por parte das profesoras na aula e en titorías grupais. Traballo en grupo. Titorías grupais: supervisión de traballos.
Resolución de problemas de forma autónoma	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno debe desenvolver a análise e resolución dos problemas e/ou exercicios de forma autónoma.
Presentación	Traballo persoal dos e das estudantes. Exposición por parte do alumnado ante as docentes e o grupo de estudantes dun tema sobre os contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto. Levarase a cabo en pequeno grupo e cualificarase de xeito grupal mediante rúbricas de avaliación que previamente se lle entregarán e explicarán ao alumnado.Acompañarase das lecturas obrigatorias e a análise de textos.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	Asesoramento por parte da profesora na aula e en titorías grupais
Presentación	Exposición por parte do alumnado ante a docente e o grupo de estudantes dun tema sobre os contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto.
Resolución de problemas de forma autónoma	Asesoramento por parte da profesora na aula e en titorías grupais

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Traballo tutelado	Valorarase a comprensión do sector escollido para o traballo; a fundamentación, procura e recollida de información, lectura e manexo de bibliografía, redacción, etc	30	A3 A4 A5	B2	C3 C5 C12	D1 D2 D3 D8 D14 D15 D16 D18 D20 D24
Resolución de problemas de forma autónoma	Valorarase a capacidade do estudante de ter integrado a teoría e a resolución de problemas no ámbito escollido para o traballo. O alumno debe desenvolver a análise e resolución dos problemas e/ou exercicios de forma autónoma.	20				
Presentación	Valorarase o traballo en equipo e a transmisión oral e visual (gráfica) e a exposición a realizar polo alumnado ante as docentes e o grupo de estudantes dun sector de intervención previamente escollido.Levarase a cabo en pequeno grupo e cualificarase de xeito grupal mediante rúbricas de avaliación que previamente se lle entregarán e explicarán ao alumnado. Valoración das lecturas obrigatorias e a análise de textos.	10	A4			D1 D2 D11 D14 D20
Exame de preguntas obxectivas	Proba escrita de carácter individual (40% da cualificación final), sobre os elementos conceptuais da materia. Constará de 40 preguntas con tres alternativas de resposta. O sistema de corrección será de acertos menos erros/2 (A-E/2). Dita proba cualificarase de igual xeito para asistenciais e non asistenciais.	40				

Outros comentarios sobre a Avaliación

Segundo a normativa vixente, con independencia da súa asistencia ou non ás clases o alumnado gozará de condicións equivalentes de avaliación.

As persoas non presenciais, terán que entregar antes da finalización de curso, un proxecto individual de intervención nun dos sectores a escoller por parte do alumnado, onde se reflictan os coñecementos e destrezas aprendidas.Este traballo esixiráselles ás "persoas non asistenciais" a maiores de todo aquelo que se lle solicite ao conxunto do alumnado mediante a avaliación contínua e que figura neste apartado de metodoloxías de avaliación. Dito traballo será obrigatorio e cualificarase

como apto ou non apto.

As partes de la materia superadas na 1ª oportunidad, non serán obxecto de avaliación na 2ª,considerándose, polo tanto, como aprobadas nese curso académico. Non se guardan notas de un curso académico para outro.

A aplicación da transversalidade de xénero e a linguaxe non sexista serán tidas en conta na avaliación continua de forma positiva.

As datas oficiais dos exames da materia poden ser consultados na páxina web da Facultade.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Pastor Seller, Enrique, **Las prácticas curriculares en el grado de trabajo social**, 2014

Pareja Cano, Braulio, **El emprendimiento social: una introducción a los conceptos, dimensiones y teorías**, 2013

Facal Fondo, Teresa, **Contyextualización del trabajo social penitenciario**, 2015

Bibliografía Complementaria

Fernández García, T. y Alemán Bracho, C. (Coords.); Díaz Herráiz, E., **Los ámbitos profesionales en Trabajo Social. Introducción al Trabajo Social.**, 2003

Colegio Oficial de Diplomados de Trabajo Social y Asistentes Sociales de Madrid., **Ámbitos de intervención profesional, desarrollo humano y calidad en Trabajo Social.**, 2006

Pallarés Gómez, Joan; Pelegrí Vianya, xavier; Amézaga Solé, Joan, **Yacimientos profesionales para el Trabajo Social. Nuevas perspectivas de intervención.**, 2001

Carballeda, Alfredo J., **La intervención en lo social: exclusión e integración en los nuevos escenarios sociales.**, 2002

Recomendacións

Outros comentarios

Non se requiren requisitos previos para cursar esta materia.

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONALES PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada polo COVID-19, a Universidade de Vigo establece unha planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou parcialmente presencial.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Traballo social na incorporación social				
Materia	Traballo social na incorporación social			
Código	O05G220V01908			
Titulación	Grao en Traballo Social			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Análise e intervención psicosocioeducativa			
Coordinador/a	Sánchez Roura, María Begoña			
Profesorado	Sánchez Roura, María Begoña			
Correo-e	begona.sanchez.roura@uvigo.es			
Web	http://begona.sanchez.roura@uvigo.es			
Descrición xeral	O Libro Branco da titulación de Traballo Social (2004) define o traballo social como a disciplina que ten por obxecto a intervención social e a avaliación ante as necesidades sociais para promover o cambio, a resolución dos problemas e as relacións humanas así como o fortalecemento e a liberdade da sociedade para incrementar o benestar e a cohesión. Constitúese así, como un dos instrumentos da política social que terá como obxectivo principal paliar as necesidades sociais. Con esta materia preténdese que o estudante adquira unha serie de coñecementos e de competencias coas que poder analizar, valorar e xerar iniciativas de traballo que favorezan os procesos de incorporación social, que eviten as situacións que xeran desigualdade ou que leven ás persoas á exclusión social que lles impida participar e/ou acceder aos dereitos sociais constitucionalmente recoñecidos.			

Competencias	
Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Capacidade para traballar e valorar de xeito conxunto con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades as súas necesidades, limitacións, dificultades, malestares e circunstancias
B2	Analizar situacións sociais obxecto de intervención, planificar, desenvolver, executar, revisar e avaliar a práctica do traballo social con persoas, familias, grupos, organizacións, e comunidades e con outros profesionais
B6	Demostrar competencia profesional no exercicio do traballo social
C3	Valorar as necesidades e opcións posibles para orientar unha estratexia de intervención
C4	Responder a situacións de crise valorando a urxencia das situacións, planificando e desenvolvendo accións para facer fronte ás mesmas e revisando os seus resultados
C5	Interactuar con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades para conseguir cambios, para promover o desenvolvemento dos mesmos e para mellorar as súas condicións de vida por medio da utilización dos métodos e modelos de Traballo Social, facendo un seguimento con regularidade dos cambios que se producen co fin de preparar a finalización da intervención
C12	Deseñar, implementar e avaliar proxectos de intervención social
C15	Establecer e actuar para a resolución de situacións de risco previa identificación e definición da natureza da mesma
D1	Capacidade de análise e síntese
D2	Capacidade de organización e planificación
D3	Capacidade reflexiva
D4	Comunicación oral e escrita nas linguas nativas
D9	Resolución de problemas
D10	Toma de decisións
D15	Recoñecemento e respecto á diversidade e á multiculturalidade
D16	Razoamento crítico
D18	Aprendizaxe autónoma

Resultados de aprendizaxe				
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Coñecer, analizar e avaliar a situación socioeconómica dos individuos en relación cos procesos de exclusión social.	A1 A2 A3 A5	B1 B2	C3	D1 D3 D16 D18
Coñecer a propia realidade e a responsabilidade de ser partícipe da súa transformación	A1 A2 A3 A5	B1 B2	C5 C15	D1 D3 D4 D16 D18
Ser capaz de recoñecer e intervir nos diferentes niveis do proceso de exclusión.	A3	B2 B6	C4 C5 C15	D1 D2 D3 D4 D9 D10 D15
Manexar os recursos institucionais existentes na loita contra a exclusión social	A2 A4	B2 B6	C3 C4	D2 D3 D9 D10 D15
Coñecer e ser capaz de aplicar programas de intervención para a incorporación social dirixidos a individuos e grupos.	A2 A4 A5	B2 B6	C3 C4 C5 C12	D1 D2 D3 D4 D9 D10 D15 D16

Contidos	
Tema	
1. Bloque *I. A incorporación social. Aspectos conceptuais. Obxecto do proceso: precariedade, fraxilidade, vulnerabilidade, exclusión social, marxinación. A exclusión social. Factores de exclusión: estruturais, culturais e *personais. Estratexias institucionais europeas, estatais e autonómicas de loita contra a exclusión social.	1.1 Aspectos conceptuais sobre incorporación social, inclusión social, exclusión e vulnerabilidade social. 1.2 Factores e dimensións da exclusión social. 1.3 Políticas sociais fronte a exclusión social. Estratexias institucionais europeas, estatais e autonómicas fronte á exclusión social.
2. Bloque *II. Metodoloxía e estratexias profesionais para a incorporación social.	2.1 Modelos de intervención, métodos e estratexias para a inclusión. Criterios de boas prácticas de intervención. 2.2 Programas e recursos fronte á exclusión. Itinerarios personalizados. 2.3 O traballo social nos procesos de incorporación social: competencias, funcións, perfil profesional do/a traballador/a social neste ámbito.
3. Bloque *III. Programas de intervención social no ámbito da exclusión, dirixidos a persoas e grupos baseados na potenciación.	3.1 Alcance e ámbitos de actuación para o desenvolvemento persoal e a autonomía. 3.2 Intervención social con colectivos con dificultades específicas.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	22.5	45	67.5
Estudo de casos	10.5	20	30.5
Presentación	3	6	9
Traballo tutelado	2	3	5
Eventos científicos	4	4	8
Exame de preguntas obxectivas	2	20	22
Cartafol/dossier	1	7	8
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.			

Metodoloxía docente
Descrición

Lección maxistral	Exposición docente dos contidos sobre a materia obxecto de estudo.
Estudo de casos	Análise de situacións reais coa finalidade de coñecelos, interpretalos, diagnosticalos e elaborar un plan de intervención baseándose na metodoloxía específica da materia de estudo. O/a estudante desenvolve exercicios ou proxectos na aula de forma persoal e/ou *grupal baixo as directrices e supervisión do/a docente.
Presentación	Exposición pola parte do *estudiantado ante o grupo-clase do traballo realizado sobre a temática da materia así como, si fora o caso, doutros exercicios que se consideren de interese.
Traballo tutelado	O *estudiantado elaborará de forma autónoma, un traballo sobre a temática da materia que será supervisado e tutelado polo/a profesor/a en os aspectos de procura e recollida de información, lectura e bibliografía, redacción, presentación e exposición, etc.
Eventos científicos	Presentación por parte de profesionais externos que traballen no ámbito da exclusión social, das súas experiencias, funcións e competencias neste campo de traballo.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	Atención ao *estudiantado de forma individual ou en grupo, sobre traballos relacionados coa materia.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Traballo tutelado	Valorarase o traballo realizado sobre a temática da materia, así como a súa presentación e defensa	20	A2 A3 A4 A5	B1 B2 B6	C3 C4 C5 C12 C15	D1 D2 D9 D10
Exame de preguntas obxectivas	Exame teórico tipo test sobre os contidos da materia impartidos a través das clases maxistrais e dos seminarios. Constará de 40 preguntas con tres alternativas de resposta das cales só unha é verdadeira. O sistema de corrección será de acertos menos erros/2, (A-E/2), estando o corte do aprobado en 20 despois da aplicar a fórmula	40	A1 A2 A3	B6	C12	D1 D3 D18
Cartafol/dossier	O *estudiantado deberá presentar un caderno-dossier do traballo realizado, xa sexa persoal ou en grupo, referido ás actividades teórico-prácticas desenvolvidas dentro dos apartados do traballo na aula, estudo de casos e eventos. Algúns destes traballos realizaranse de maneira individual na aula para a súa posterior cualificación dentro do proceso de avaliación continua.	40	A2 A3 A4	B1 B2 B6	C3 C4 C5 C12 C15	D1 D2 D3 D4 D9 D10 D15 D16 D18

Outros comentarios sobre a Avaliación

Modalidade de avaliación para estudantes con asistencia regularA planificación deste proceso de ensino-aprendizaxe concíbese como unha avaliación continua e esixe a presenza do alumnado nas clases teóricas e nas actividades prácticas. Considéranse estudantes con asistencia regular os que acudan a un mínimo do 80% das clases teóricas, clases prácticas e *tutorizaciones na aula. A asistencia medirase mediante listaxes de asistencia diarios. Si o estudante deixa de asistir á clase, sexa cal sexa a circunstancia (coa única excepción de enfermidade xustificada con certificado médico ou morte dunha familia), terá que optar pola segunda modalidade de avaliación. Para o alumnado desta modalidade de avaliación, realizarase un exame teórico final da materia (convocatoria oficial).As actividades prácticas iranse presentando segundo os prazos que se determinen previamente na aula e avaliaranse segundo corresponda do mesmo xeito que o traballo tutelado.A puntuación final da materia será do 40% para o exame teórico, o 40% para o caderno-dossier, e o 20% para o traballo tutelado en materia de incorporación social. Modalidade de avaliación para os estudantes non asistentes con regularidade O *estudiantado que opte por non asistir ás clases, tanto teóricas como prácticas, ou non poida, ou pretendendo ser estudante presencial teña máis do 20% de ausencias tanto na parte teórica como parte práctica, pasará a formar parte desta modalidade de avaliación.Nesta modalidade, a avaliación e a superación da materia virá determinada polo exame final (convocatoria oficial) e pola presentación nese día do caderno-dossier de actividades prácticas e do traballo tutelado relacionado coa materia.&*nbsp;A puntuación final da materia será do 40% para o exame teórico, o 40% para o caderno-dossier, e o 20% para o traballo tutelado en materia de incorporación social.
A principios de curso, a docente entregaralle ao alumnado que opte por esta modalidade de avaliación un documento coas actividades do caderno-dossier que deberán presentar, así como as directrices para realizar o traballo da materia.
Estes/as estudantes están obrigados a contactar coa docente a principios de curso para comunicarlle a súa elección por esta modalidade de avaliación.
O alumnado desta modalidade poderá estudar a parte teórica da materia a través da bibliografía básica recomendada. En

canto á parte práctica, esixiráselle que saiba dar resposta aos contidos conceptuais, actitudinais e *procedimentales desenvolvidos ao longo do curso e que pode adquirir a través de textos existentes na biblioteca e das notas de clase.
Outros comentarios e segunda convocatoria:Segundo a normativa vixente, con independencia da súa asistencia ou non ás clases o alumnado gozará de condicións equivalentes de avaliación.A superación da materia, tanto para estudantes con asistencia regular como para os non asistentes con regularidade, implica puntuar en cada un dos criterios de avaliación establecidos - como mínimo - o 50 % da puntuación indicada.
De non ter superada a materia, as competencias non adquiridas serán avaliadas novamente na convocatoria de xullo.
Tanto para o *estudiantado da modalidade asistente con regularidade como para o non asistente con regularidade, en caso de ter que concorrer á segunda convocatoria, gardaránselles as notas tanto da parte teórica como da parte práctica superadas.As datas oficiais dos exames poden consultarse na web da Facultade:http://educacion-ou.webs.uvigo.es/*educacion-ou/web/*index.*php/*graotraballosociallateral/exames-traballo-social-lateral.&*nbsp;

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Fundación Foessa, **VIII Informe sobre exclusión y desarrollo social en España**, 1ª ed., Caritas, 2019

